

# Proxecto EPÍSTOLA



**Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal**  
**Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Florencio Delgado Gurriarán do 25/06/1981**

**Colección:**

**Data:** 25/06/1981

**De:**

Valentín Paz-Andrade;

**Para:**

Florencio Delgado Gurriarán;

**Orixe:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Destino:**

Guadalajara [nac. México] (local), Jalisco (estatal), México (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada:]

**Localización física:**Arquivo familiar Paz Andrade

**Mencionados:**

Castelao; Luís Soto Fernández;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Florencio Delgado Gurriarán do 25/06/1981**

Vigo 25 de xuño de 1981

Sr. Don Florencio Delgado Gurriarán  
Amado Nervo, 35 A – Sector Hidalgo  
Guadalajara, Jalisco

Querido Florencio:

Recibo no seu día a túa do 2. Non volvín a ter novas de Pepe Gayoso. Supoño que se atopará en Portela. No mes de setembro teño pensado pasar uns días en Valdeorras, para que o meu neto vaia conociendo aquela terra, onde xa estivo algúns días. Espero que terei rematada a laboura literaria en que agora ando en torno a figura de Castelao.

Teño xa feito o derradeiro capítulo, a morte en Bos Aires, mais inda me queda que preencher algúns outros dos que somentes teño feito esquemas. Ben ou mal agardo rematar a laboura no mes que ven ou no outro. Teño moito material gráfico inédito ou pouco menos, mais pouco do seu paso por México e Nueva York.

A carta a Roxelio envíeina en Abril, como podes ver pol-a copia que vai anexa. Supoño que o que fallou foi o enderezo. Agradecereiche que lle envíes esa folla por si pode axudar algo na reconstrucción dos datos para os capítulos que aínda faltan.

De Luis Soto non volvín a ter novas. Como xa e a segunda vez que anuncia o seu viaxe, non confío moito en que o faga. Cecais a súa saúde non-o permita, que sería o máis lamentable. De calquera xeito, si a vista do que lle digo a Roxelio me podedes fornecer máis datos ou fotografías, agradecereivos que o fagades axiña, pois a cousa está de remate. Non quero deixala inconclusa.

En canto ao panorama político non hubo mudamento importante. Eu, despois das moitas visitas que me fixeron os dirixentes do Partido, cheguei a concebir un plan de relanzamento con a solución dos valores históricos e de outros novos que están en zonas afíns. Desventuradamente para Galicia, aínda que a proposta foi defendida pol-o Segretario Xeral sainte, e por outros elementos, non prosperou. O que para min revela algo moito máis fondo, que a falla de comprensión dos que manexan o asunto, en orden á necesidade de forxar un instrumento forte e dinámico, a altura do movemento histórico que estamos a vivir. Sospeito que se perderá novamente e no sin culpa de moita xente de boa fé, que aínda sendo galeguista non semella ter o ángulo de visión que esixe o cadro actual de forzas que mexen a política da nosa Terra.

Veu a visitarme algunha vez o irmán Cerqueira, do México, co que tuven longa conversa sobre o tema. Sei que asistiu ao Congreso do Partido. Despois non tuven ningunha noticia súa. Non sei que actitude tuvo nas deliberacións, aínda que na conversa conmigo, mostrouse d-acordo coas ideas que lle expuxen.

Supoño que terás recibido oficio da Academia nombrándote correspondente. A min nada me comunicaron, aínda sendo firmante da proposta. De todol-os xeitos penso que o acordo quedou firme.

Pilar enviache o mesmo que para tua dona sua mellor lembranza, coa miña aperta máis cordial,  
[Valentín]

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.